

INTRODUCCIÓN

O texto aquí presentado foi escrito por Michael "Cetewayo" Tabor, preso político do Black Panther Party dende a prisión. A data exacta descoñécese ata onde eu sei, aínda que o autor fala de situacións que tanto nos seus anos como na actualidade, con lixeiras variacións, continúan afectando ás comunidades negras dos suburbios norteamericanos. Por iso, dada a completa vixencia que desgraciadamente conserva o texto, decidín traducilo e editalo para a súa difusión.

Capitalismo máis droga igual xenocidio analiza a chamada "guerra contra as drogas" do goberno estadounidense traducindo o eufemismo e revelando o auténtico significado dese concepto, é dicir, a guerra sucia contra a poboación afroamericana precaria e contra as revolucionarias en xeral, utilizando as drogas primeiro coma veneno inoculado nas comunidades de persoas non brancas e acto seguido empregando as consecuencias desa dexeneración progresiva do tecido social e comunitario como excusa para xustificar o incremento na presenza policial, os asasinatos e encarceramentos masivos de todos aqueles "elementos perigosos" para a súa norma social capitalista, racista, patriarcal e opresora, e a imposición de novas leis..

Naturalmente, non é necesario irse aos guetos negros de grandes metrópoles iankis coma Nova Iork ou Los Ángeles para atopar feitos que confirmen tan terrible diagnóstico. No Estado español podemos atopar exemplos en Euskal Herria ou aquí mesmo, nalgunhas cidades galegas, onde a heroína, patrocinada polo goberno e promocionada subliminalmente coma sinónimo de rebeldía, fixo estragos nunha xeneración enteira de mozos e mozas combativas que non tragaran a farsa da transición nos primeiros anos de democracia.

A intención ao publicar isto non é cargar contra aquelas persoas que remataron atrapadas nas frías mans das drogas, nin tampouco culpabilizar a quenes por necesidade de cartos e ante a ausencia de oportunidades viven do menudeo de sustancias ilegais. Entendemos que é preciso facer unha análise en profundidade para atopar as auténticas causas de todo este problema e poder actuar xuntas para erradicalas. Nese camiño pretendemos axudar a avanzar con este pequeno aporte. Agardamos telo conseguido.

1. O PROBLEMA

Recentemente na colonia negra de Harlem un neno negro de 12 anos morreu por unha sobredose de heroína. Menos de dúas semanas despois unha nena negra de 15 anos atopou o mesmo destino tráxico. Durante o ano 1969 só na cidade de Nova Iork houbo arredor de 900 mortes como resultado da drogadicción. Destas 210 eran rapaces e rapazas con idades entre os 12 e os 19 anos. Dos preto de 900 mortos, a abrumadora maioría eran negras e portorriqueñas. Estímase que hai polo menos 25.000 rapaces e rapazas adictas aos narcóticos na cidade de Nova Iork, e esa é unha estimación conservadora.

A adicción ás drogas nos guetos colonizados de América* constituíu un problema maior durante case 15 anos. O seu uso está tan xeneralizado que pode ser – sen medo a esaxerar – definido coma unha "plaga". Acadou proporcións epidémicas, e segue medrando. Pero foi só nos últimos anos que o goberno racista dos EE.UU. considerou a drogadicción "un asunto de grave preocupación". É interesante apuntar que esta preocupación crecente de parte do goberno é proporcional á expansión da plaga no interior das sagradas comunidades brancas de clase media e alta. Mentras a plaga esté confinada no gueto, o goberno non verá oportuno considerala un problema. Pero tan pronto como profesores escolares, políticos demagogos, capitalistas das finanzas enloquecidos polo diñeiro e industrialistas, descubriron que as súas propias fillas e fillos caeran vítimas da plaga, un virtual "Estado de emerxencia nacional" foi declarado. Isto é significativo, proporciónanos unha pista para a comprensión da plaga no que respecta á xente negra.

Dende a Federal Bureau of Narcotics (Oficina Federal de Narcóticos) ao clero, aos membros da profesión médica, ás mal chamadas educadoras, ás psicólogas, ata os adictos químicamente escravizados na esquina da rúa, as esperanzas de conter

* Aínda que decidín deixalo tal e como está, persoalmente quería sinalar que non estou de acordo co uso do topónimo "América" para referirse exclusivamente ao territorio estadounidense. Moitas veces, no cina, a literatura e demáis vemos como as propias habitantes de EE.UU. e especialmente os seus dirixentes e altos cargos refírense indistintamente ao seu país utilizando Estados Unidos ou América. Esta é unha reminiscencia colonial, opresora, imperialista e racista da linguaxe que nega todas as demáis identidades culturais presentes no continente americano, tanto no norte como en toda Sudamérica e Centroamérica, que fican fóra sistematicamente dese concepto de "América" que moitas norteamericanas, de xeito consciente ou non, reproducen.

eficazmente a extensión da plaga son descorazonadamente febles. A pesar das máis duras sentencias de cárcere que son aplicadas a aqueles a quen a lei define como "beneficiarios da droga" – un eufemismo para capitalistas ilegais – hai máis vendedores de droga agora que nunca antes. A pesar do sempre crecente número de programas preventivos e de rehabilitación a plaga prolifera; ameaza con devorar a unha xeración enteira de rapazas.

A razón básica pola que a plaga non pode ser freada polos programas de prevención e rehabilitación de drogas é que eses programas, co seu enfoque arcaico, burgués e freudiano e as súas comunidades terapéuticas irrealistas, non tratan as causas do problema. Eses programas deliberadamente negan ou no mellor dos casos tratan frívolamente a orixe socioeconómica da drogadicción. Estes programas negan de xeito santurrón o feito de que a explotación capitalista e a opresión racial son os principais factores que contribúen á drogadicción no que respecta á xente negra. Estes programas nunca foron concebidos para curar adictos negros. Nin sequera poden curar aos adictos brancos para os cales foron deseñados.

Este goberno fascista define a causa da adicción como a importación da plaga dentro do país polos traficantes. Incluso elas mesmas admiten que parar a entrada da plaga é imposible. Por cada kilo (2.2 lbs) de heroína que confiscan, polo menos 25 kilos pasan máis alá dos axentes de aduanas. O goberno é ben consciente do feito de que incluso se foran quen de frear a importación de heroína, as vendedoras de droga e os adictos simplemente atoparían outra droga que ocupase o seu lugar. O goberno é totalmente incapaz de facer fronte por sí mesmo ás auténticas causas da drogadicción, para facelo precisaría efectuar unha transformación radical desta sociedade. A conciencia social desta sociedade, os valores, morais e tradicións terían que ser alterados. E isto sería imposible sen cambiar totalmente o xeito no que os medios de producir riqueza social son posuídos e distribuídos. Só unha revolución pode eliminar a plaga.

A drogadicción é un síntoma monstruoso da malignidade que está a asolar o tecido social deste sistema capitalista. A drogadicción é un fenómeno social que medra orgánicamente dende o sistema social. Cada fenómeno social que emana dun sistema social que é predicado sobre e conducido por amargos antagonismos de clase que resultan da explotación de clase debe "ser visto dende un punto de vista de clase".

2. ESCAPISMO E AUTODESTRUCCIÓN

No que respecta á xente negra, os nosos problemas agrávanse e adquiren dimensións espantosas como resultado da deshumanización racista á que estamos sometidas. Para entender a plaga no que respecta aos negros, debemos analizar os efectos da explotación económica capitalista e da deshumanización racista. O atroz e sádico programa de aniquilar a humanidade das negras que foi iniciado fai uns 400 anos por escravistas tolos polo diñeiro e que continuou sen diminución ata o día de hoxe é deliberado e sistemático. Está feito para o propósito de xustificar e facilitar a nosa explotación. Dende que a realidade da nosa existencia obxetiva parecía confirmar as doutrinas racistas da superioridade branca e a súa antítese, a inferioridade negra, e dende que nos faltou unha comprensión da nosa condición, internalizamos a propaganda racista dos nosos opresores.

Empezamos a crer que eramos inherentemente inferiores aos brancos. Estes sentimentos de inferioridade deron a luz a unha sensación de auto-odio que atopa a súa expresión en patróns de comportamento autodestructivos. A miseria da nosa situación, a nosa sensación de impotencia e desesperación, creou dentro das nosas mentes unha predisposición cara ao uso de calquera substancia que produza ilusións eufóricas. Somos inclinadas a usar calquera cousa que nos permita sufrir plácidamente. Desenvolvimos un complexo escapista. Este complexo escapista é autodestructivo.

Os depravados opresores capitalistas-racistas explotan as súas deficiencias psicolóxicas e emocionais por todo o que para eles merece a pena. O opresor alenta a nosa participación en cada actividade que sexa autodestructiva. Os nosos patróns de comportamento autodestructivos e as nosas tendencias escapistas constitúen unha fonte de beneficios para os capitalistas. Tamén, debilitándonos, dividíndonos e destruíndonos, blindan a forza do opresor permitíndolle perpetuar a súa dominación sobre nós.

A fraticida loita contra as bandas rueiras é unha manifestación directa do patrón de comportamento autodestructivo. É tamén unha forma de escapismo pola cal os mozos negros dan saída á súa raiba, ás súas frustracións e á súa desesperación contra os outros en lugar de enfrontarse ao auténtico inimigo. O religionismo patolóxico ou a indulxencia fanática na relixión é esencialmente escapista porque alenta á vítima para

concentrar a súa atención, enerxía e esperanzas de salvación e liberdade nunha dubidosa forza mística. Desalienta confrontar as causas reais da nosa miseria e depravación. Desalienta concentrar a atención sobre castelos no aire , en lugar de en asegurarnos máis chuletas de cordeiro aquí no Planeta Terra**. Tamén serve como unha fonte de beneficios para eses charlatáns relixiosos, predicadores e ministros que o explotan.

O alcoholismo é á vez autodestructivo e escapista. É tamén unha fonte de tremendos beneficios para os capitalistas. O asombrosamente elevado número de bares e licorerías nas comunidades negras testifica este feito tráxico. A industria capitalista dos licores podería prosperar só cos negocios que fai nos guetos negros.

3. OS ADICTOS Á HEROÍNA

A actividade máis escapista e autodestructiva para nós e unha das máis lucrativas para os capitalistas, e por tanto máis alentadas por eles, é a drogadicción, especificamente a adicción á heroína.

Sobre 1898 un químico alemán descubriu a diacetilmorfina, heroína. Foi aclamada como a perfecta droga para curar adictos á morfina. Pero pronto se fixo evidente que era máis adictiva que a morfina. En 1920 houbo adictas que estiveron a inxectarse heroína directamente nas súas veas. A produción de heroína nos EE.UU. foi descontinua e a droga non volveu ser usada como antídoto para a adicción da morfina e como un analxésico.

A adicción á heroína, a plaga, o azoute das colonias negras de Babilonia. A plaga, cuxos destrutivos poderes espirituais, morais, psicolóxicos, físicos e sociais exceden

** Decidín traducir como estaba o texto para asegurar que o seu significado e contido non se visen alterados. Con todo, non estou en absoluto de acordo co uso da expresión sobre as chuletas de cordeiro, por ser totalmente especista e pareceume necesario sinalalo, para evitar malentendidos. Do mesmo xeito, e aínda que tamén decidise traducir respectando todo o posible o texto orixinal, tampouco estou de acordo con insultar aos policías chamándolles "porcos" (algo que se fai varias veces ao longo do texto). Isto non é porque me preocupe a boa imaxe da policía, senón porque eu, ademais de odiar á policía, rexeito o especismo e penso que existe un amplo repertorio de insultos que podemos utilizar contra os madeiros sen necesidade de comparalos cos porcos nin con calquer outro animal.

por moito aos de calquera enfermidade coñecida ata agora pola humanidade. A plaga, opio de Turquía, enviado a Marsella, convertido en morfina base, logo procesado en heroína, introducida de contrabando en América, cortada, diluída, logo colocada dentro do gueto negro. A plaga, venenosa, letal, unha sustancia de pó branco, vendida por bestas depravadas toleadas polo diñeiro á mocidade negra que está a buscar desesperadamente emocións fortes, un subidón, colocarse, calquera cousa que lles axude a esquecer a miseria, a pobreza abxecta, a enfermidade e a degradación que lles envolve na súa existencia diaria.

Inicialmente a plaga facía xustamente iso. Baixo a súa sinistra influencia, a nauseabunda e opresiva prisión do gueto transfórmase nun virtual Valhalla negro. Unha vólvese insensible ao rancio fedor das veciñanzas-mazmorra empapadas de ouriños, non lle afectan os penetrantes berros de angustia de compañeiras negras conducidas ao bordo da tolemia por un sistema social sádico. Non lle afectan os aullidos ensordecedores das sirenas dos coches dos porcos policía mentres rasgan as rúas do Inferno negro de camiño a responder unha chamada ao 1013 dalgún outro porcopolicía que se atopa en merecido estado de angustia. Non lle afectan os cubos de lixo en descomposición, os cales decaídos, portadores de enfermidades, desbordaron ata encher as rúas do gueto.

Sí, baixo a súa extática influencia un faise alleo a realidades desagradables. Pero hai un truco, un truco cruel e monstruoso, unha mortífera trampa esperando ao seu mozo e inxenua vítima porque, mentres a ilusoria beleza do subidón inducido pola heroína empeza a desvanecerse, de forma correspondente, a inmunidade temporal á realidade alcanzada baixo o seu trance químico desaparece. A realidade da que a patética vítima tan desesperadamente buscou escapar, unha vez máis descende sobre ela e volve engulila. O rancio fedor das veciñanzas-mazmorra empapadas en ouriños empeza a asediarse as súas fosas nasais. Eses berros de angustia das negras parecen mesturarse coas sirenas aullantes dos coches dos porcos policía. Óeos agora, moi altos, e moi claro, en son estereofónico. E ese lixo que flúe polas rúas dos cubos de lixo sen recoller séntese baixo os pés.

A nova vítima non tarda en descubrir que só pillando outra dose poderá alcanzar o santuario desde a súa espantosa realidade. Cada chute da plaga que se inxecta no seu sistema sanguíneo achégaa moito máis á tumba. Pronto está encadeada, enganchada. É

fisiolóxica e psicolóxicamente dependente da plaga. Tanto o seu corpo como a súa mente volvéronse adictas á heroína. Agora volveuse un membro colexiado a tempo completo da Sociedade do Sétimo Ceo. O seu corpo físico empeza a tomar unha aparencia decimada. Un desprezo descarado é amosado cara ás súas roupas. Que a súa camisa estea sucia e os seus zapatos non teñan sola, deixándoo camiñar practicamente descalzo, non importa. Que o seu corpo sen lavar emita agora o cheiro máis fétido amólalle, pero só un pouquiño. Que os seus amigos non adictos agora pasen del e mírenlle por enriba con desprezo non importa, os sentimentos son mutuos. Xa non teñen nada en común. Todo deixa de importar. Todo menos a heroína, a plaga.

Mentres continúa, o seu corpo empeza a construír unha inmunidade á droga. Agora, para alcanzar o seu subidón eufórico, debe incrementar a súa dose. Isto significa que debe obter máis diñeiro. Tan escravizado volveuse que agora fará calquera cousa por unha bolsa, por un "chute". Mentir, roubar, enganar, delinquir non é nada para él. Sexa o que sexa que teña que facer por un "chute", farao, debe facelo, porque é un escravo da plaga. O círculo vicioso moe ao moverse. Él viola o que a clase dominante define como a lei para asegurarse o diñeiro para alimentar a súa enfermidade. Inevitavelmente resulta denunciado, detido. Vai ao cárcere, e despois de cumprir a súa condena é liberado. A primeira cousa que quere é un chute. O círculo continúa. E él mergúllase máis e máis na fosa abisal da degradación. E alí, sempre alí e sempre desexando, por un prezo por suposto, atoparse coa demanda de drogas dos adictos está o policía, o traficante, provedor de veneno, distribuidor de morte, escoria despiadada asasina, despiadada do planeta, viles capitalistas, vendedor de morte paga a prazos, o impulsor da droga, o home-plaga.

4. CAPITALISMO E CRIME

A venda de drogas é sen dúbida un dos máis lucrativos emprendementos capitalistas. Os beneficios derivados dela dispáranse en miles de millóns. A nivel internacional e nacional o mercado e a distribución de heroína está controlado en última instancia pola Cosa Nostra, a mafia. Gran parte dos beneficios amasados polo negocio da droga é usada para financiar os chamados negocios lexítimos. Estes negocios lexítimos que están controlados pola mafia tamén se utilizan para facilitar as súas actividades de contrabando de drogas. Tendo en conta o feito de que o crime organizado é un negocio e que sempre se está expandindo como tal, está constantemente buscando novas áreas

de investimento para incrementar os seus beneficios. As asociacións entre a mafia e "respectables homes de negocios" están á orde do día. Hai unha relación directa entre os capitalistas lexítimos e os ilexítimos.

Ao longo dos anos, unha cantidade de políticos e embaixadores extranxeiros e ricos empresarios foron detidos neste país por actividades de drogas. Outros, pola súa riqueza e influencia, puideron evitar o arresto. No outono de 1969, descubriuse que un grupo de prominentes financistas de Nova Iork estaban financiando unha operación de contrabando internacional de drogas. Ningunha acusación foi imposta. Pouco despois de aquilo un grupo de ricos empresarios sudamericanos foron arrestados nun luxoso hotel da cidade de Nova Iork con arredor de 10 millóns de dólares en drogas.

Dada a natureza rapaz e voraz do capitalista, non debería ser ningunha sorpresa que os chamados empresarios lexítimos estén profundamente involucrados no tráfico de drogas. Os capitalistas están motivados por unha insaciable sede de beneficios. Farán calquer cousa por diñeiro. As actividades do crime organizado e os "capitalistas lexítimos" están tan inextricabilmente atadas, tan completamente entretexidas, que dende o noso punto de vista calquer distinción feita entre elas é puramente académica.

A lexitimación da Mafia, o seu maior énfase en establecer corporacións e investir nelas, foi acelerada polas máis ríxidas penas que se aplican aos que se lucran coa droga. En Nova Iork isto resultou na retirada gradual da mafia da súa posición de actual liderazgo do tráfico de drogas. O tráfico de drogas en Nova Iork está agora dominado por exiliados de Cuba, moitos dos cales foron oficiais militares e axentes de policía no represivo réxime pre-revolucionario de Batista. Equivalen á mafia en crueldade e codicia.

Estes novos capos locais da droga estableceron unha ampla rede de operacións de contrabando internacional. Utilizan as rutas de mercado tradizoais e crean novas, como indican o aumentado número de incautacións de droga procedente de Sudamérica pola Oficina de Narcóticos.

O concepto de Poder Negro influenciou o pensamento de cada segmento da comunidade negra. Chegou a significar o control negro das institucións e actividades que se centran na comunidade negra.

Os profesores negros piden o control da comunidade negra nas escolas do gueto. Negras nas institucións e actividades que están centradas na comunidade negra. Empresarias e mercaderes negras abogan pola expulsión de empresarias brancas do gueto para que así poidan maximizar as súas ganancias. As operadoras de lotería negras están demandando o control total das loterías no gueto. Os vendedores de droga están pedindo o control comunitario da heroína. É unha traxedia que en Nova Iork os maiores avances feitos no ámbito do control da comunidade negra fosen feitos por mafiosos negros, banqueiros da lotería e traficantes de drogas, polos capitalistas ilegais negros. Antes de 1967 era unha rareza atopar un traficante de drogas negro que manexase máis de 3 kilos de heroína nun momento dado. Os maioristas negros independentes eran algo inaudito. Agora, hai unha clase enteira de negras que se volveron maioristas, usando as listas proporcionadas pola mafia das súas conexións europeas. A extensión e a tasa instantánea dos beneficios colleitados da industria da droga poderían espertar a envexa U.S. Steel, General Motors e Standard Oil. Do nivel máis alto ao máis baixo, os beneficios son enormes. Se o individuo é ambicioso, astuto, despiadado e vicioso dabondo, podería graduarse dende o status de vendedor ambulante da rúa ao de gran comerciante e distribuidor nun lapso curto de tempo.

Un rasgo característico da opresión racial e de clase é a política da clase dominante de lavar o cerebro ás oprimidas para que acepten a súa opresión. Inicialmente, este programa lévase a cabo implantando con saña o medo nas mentes e sementando as sementes da inferioridade nas almas das oprimidas. Pero mentras as condicións obxectivas e a correlación de forzas vólvense máis favorables para as oprimidas e máis adversas para o opresor, faise necesario para o opresor modificar o seu programa e adoptar métodos máis sutiles e desviados para manter o seu goberno. O opresor tenta desequilibrar psicolóxicamente ás oprimidas combinando unha política de represión ensañada con xestos espectaculares de boa vontade e servizo.

Dado que as persoas negras abandonaron as tácticas ineficaces e non funcionais da época dos "Dereitos Cívís", e decidiron agora acadar a súa longamente retrasada liberación por calquera medio necesario, volveuse necesario para o opresor despregar máis forzas de ocupación na colonia negra. O opresor, particularmente en Nova Iork, decátase de que isto non pode facerse abertamente sen intensificar o fervor revolucionario das persoas negras na colonia.

Polo tanto, precísase un pretexto para colocar máis porcós no gueto. E cal é o pretexto? Funciona así: Responsables líderes da comunidade negra informáronnos, e os seus informes concurren cos achados policiais en que a comunidade negra está devastada polo crime, o contrabando, os roubos, os asasinatos e o desorde. As rúas son inseguras, os establecementos dos negocios son infestados por ladróns armados, os comercios non poden funcionar. O Concello está dacordo coas residentes negras en que a causa principal desta horrible situación son as drogadictras que depredan á xente inocente. Sí, as drogadictras son as culpables da sempre en aumento tasa de criminalidade. E o Concello respostará ao clamor desesperado das residentes negras por unha maior protección enviando máis policía!

Que as vítimas da plaga son responsables da maioría dos crimes nos guetos negros é un feito. Que os drogadictros negros perpetran a maioría dos seus roubos e atracos na comunidade negra contra a xente negra non se pode negar. Pero antes de que, desesperadas, saltemos e berremos pedindo máis protección policial, será mellor que lembremos quenes levaron a plaga a Harlem, Bedford Stuyvesant e ás outras comunidades negras. Será mellor que lembremos quen se beneficia en última instancia da drogadicción da xente negra. Será mellor que lembremos ue a policía son tropas hostiles foráneas enviadas ao interior das colonias negras pola clase dominante, non para protexer as vidas da xente negra, senón máis ben para protexer os intereses económicos e a propiedade privada dos capitalistas e para asegurarse de que a xente negra non se salga do seu lugar. Rockefeller e Lindsay non poderían preocuparse menos das vidas da xente negra. E se a estas alturas non sabemos o que sente a policía por nós, daquela estamos realmente en mal estado.

5. PORCOS POLICÍA

A plaga nunca podería florecer nas colonias negras senon fose polo apoio activo das forzas de ocupación, a policía. Que os arrestos por narcóticos aumentaran de ningunha maneira mitiga o feito de que a policía concede aos traficantes inmunidade no arresto a cambio de pagos de diñeiro. É tamén a práctica dos porcós policía, especialmente dos axentes de narcóticos, incautar a cantidade de drogas dun vendedor, arrestalo, pero só presentar como proba unha porción das drogas confiscadas. O resto é entregado a outra vendedora que véndeo e da unha porcentaxe dos beneficios aos axentes de narcóticos. Os porcós policía tamén utilizan informantes que non son vendedores de droga. A

cambio de información, reciben inmunidade para o arresto. A policía non pode solucionar o problema porque son parte de él.

Canto tes en conta que un kilo de heroína vendido por un maiorista por 6.000 dólares, cando é cortado, empaquetado e distribuído retribuirá un beneficio de 300.000 dólares nunha semana, vólvese máis fácil entender que incluso se se impusesse a pena de morte ás que se benefician coa droga iso non detería a venta.

Os tortuosos monicreques embusteiros da clase dominante burguesa, os políticos demagogos do Capitol Hill, aprobaron agora unha lei que da aos axentes de narcóticos o dereito a irrumpir na casa dunha persoa sen chamar, co pretexto de buscar narcóticos e “outras probas”. Esta lei foi aparentemente aprobada para impedir aos traficantes de droga destruír a droga e “outras probas”. Agora, calquera persoa que pense que esta lei se limitará aos traficantes de drogas simplemente sospeitosos está traballando baixo unha ilusión trágica e posiblemente suicida. Asumir que só as sospeitosas de ser traficantes de drogas serán afectadas por esta lei é negar a realidade da América de hoxe en día. Permitirte a ti mesma pensar por un momento que esta lei só se aplica en sospeitosas de ser traficantes de drogas é negar que as leis que están sendo aprobadas, as políticas que están sendo implantadas e os métodos e tácticas da policía volvéronse aberta e descaradamente fascistas.

Non deberíamos sorprendernos cando os fogares de revolucionarias e doutras persoas progresistas e auténticas amantes da liberdade sexan invadidos pola policía baixo o pretexto de buscar drogas e “outras probas”. Unha cantidade de revolucionarias foron xa encarceradas por cargos enmarcados en narcóticos. Lee Otis foi sentenciado a 30 anos e Martin Sostre a 41 anos con cargos de narcóticos manipulados. Tede por seguro que esta política será intensificada. Virianos ben considerar o que significa realmente pegar unha patada á porta dunha persoa buscando drogas e “outras probas”. Que é “outras probas”? Os burgueses fascistas lexisladores non especificaron o que constitúe “outras probas”. A lei de non chamar á porta^{***} é unha parte integral da travesía fascista na que este país embarcou.

Antes, cando a casa dunha persoa negra era achandada por un drogadicto, ou a unha irmá pegábanlle un tirón do seu bolso, a policía tardaba toda a noite en responder á

*** Tradúcimolo literalmente. No texto orixinal di "NoKnock Law", "Ley de non petar na porta".

chamada, ou nin tan sequera respostaban. O ladrón era sempre difícilmente atrapado. Na maioría de casos, cando alguén era arrestadx, era a persoa equivocada. Pero cando un negocio capitalista explotador neste mesmo gueto, especialmente un rexentado por branco, é estafado, hai inmediatamente 15 coches de policía coa sirena aullando en marcha, e tres decenas de porcos están correndo arriba e abaixo na rúa, apuntando coas súas armas ás caras de todo o mundo.

E pódese apostar a 5 probabilidades contra 1 de que alguén irá ao cárcere por iso. Se a persoa arrestada perpetrou o acto é irrelevante dende o punto de vista dos porcos. Os porcos policías racistas usan ás negras como unha saída para os seus sádicos impulsos, as súas carencias e as súas frustracións. Agora que máis policía foi enviada, a situación foi de mal en peor.

6. REVOLUCIÓN

Os racistas porcos da policía, os políticos demagogos e os grandes empresarios avariciosos que controlan aos políticos están encantados de que as mozas negras caeran vítimas da plaga. Están encantados por dúas razóns: Unha, é economicamente lucrativo, e dúas, saben que mentras poidan manter ás nosas rapazas negras de pé nas esquinas das rúas “cabeceando” por un “chute” de heroína, non terán que preocuparse porque libremos unha loita efectiva pola liberación. Mentras as nosas novas irmás e irmáns negros estén perseguindo a bolsa, mentras tenten facer tratos coa policía, a regra dos nosos opresores está segura e as nosas esperanzas de liberdade están mortas. É a mocidade quen fai a revolución e é a mocidade quen a leva a cabo. Sen as nosas rapazas nunca seremos quen de forxar unha forza revolucionaria.

Somos as únicas capaces de erradicar a plaga das nosas comunidades. Non será tarefa fácil. Require un tremendo esforzo. Terá que hacer un programa revolucionario, un programa da xente. O Partido dos Panteiras Negras atópase actualmente en proceso de formulación dun programa de loita contra a plaga. Será totalmente controlado polo pobo. Nós, o pobo, debemos acabar coa plaga, e farémolo. A droga é unha forma de xenocidio na que a vítima paga para ser asasinada...

**APROVEITA O TEMPO! INTENSIFICA A LOITA! DESTRÚE A PLAGA!
TODO O PODER PARA O POBO!**